

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E/OU VÍAS PÚBLICAS DE BEARIZ.**

**Primeiro:** O obxecto do contrato é o mantemento e conservación de tódolos medios de protección contra incendios instalados nos edificios e na vía pública responsabilidade do Concello de BEARIZ, que se especifican no Anexo I, a fin de cumprilo establecido no RD 513/2017 de 22 de mayo por el que se aprueba el Reglamento de instalaciones de protección contra incendios y demás normativa que resulte de aplicación en relación ós seguintes:

1. Sistemas de hidrantes exteriores.
2. Extintores de incendios.

**Segundo:** O contratista deberá estar habilitado para o exercicio da súa actividade como empresa instaladora e empresa mantedora de tódolos aparatos, equipos e sistemas enunciados no punto anterior, así como recargadora de extintores, debendo acreditar ante o Concello de Beariz a habilitación en protección contra incendios en tódolos sistemas que recolle o RD 513/2017. A perda da acreditación a que se fai referencia no apartado anterior implicará a inmediata resolución do contrato. O contratista será responsable dos danos que se causaren a terceiros ou ás instalacións municipais pola súa culpa ou negligencia ou pola do persoal ás súas ordes con ocasión de la prestación do servizo.

**Terceiro:** Toda a documentación técnica obrigatoria que deberán presenta-las empresas interesadas na licitación figura no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**Cuarto:** O contratista deberá realiza-las seguintes tarefas:

1.- Realiza-las seguintes operacións de mantemento preventivo e correctivo conforme ao anexo II do RD 513/2017:

Trimestralmente: Verificación da accesibilidade, carga e presión de todos os extintores, así como a integridade das mangueras e demais componentes.

Semestralmente: Comprobación da operatividade dos sistemas de extinción e limpeza dos compoñentes.

Anualmente: Desmorte e verificación interna de todos os sistemas e equipos.

Retimbrado e proba de presión cada 5 anos: Extintores de po e CO<sub>2</sub>, conforme ao indicado no artigo 22 do RD 513/2017.

Substitución total dos equipos ao cumprir 20 anos desde a fabricación.2.- Deberá repoñer, recargar ou reparar, aqueles elementos que por distintos motivos (uso, vandalismo, avarías, accidentes, etc.) o precisen. Isto realizarase por parte do contratista cando se detecten as deficiencias durante os traballos de mantemento periódico, ou ben cando sexa requirido pola Dirección Técnica ou o titular da instalación, previa aceptación do orzamento por parte dos técnicos municipais. En calquera caso, a



deficiencia deberá quedar corrixida e o elemento en perfecto estado de funcionamento en menos dunha semana dende o seu aviso ou aceptación do orzamento si o require, salvo causa xustificada por falta de pezas ou outras circunstancias razoadas, debendo neste caso, comunicalo inmediatamente á Dirección Técnica.

3.- No caso concreto dos sistemas de detección de incendios e extinción automática, ante un aviso de avaría ou problemas nos mesmos deberase tratar de darlle solución telefonicamente ou acudindo directamente coa maior brevidade posible. A instalación deberá quedar en funcionamento, aínda que se sexa con algunha limitación, e en calquera caso de forma que na orixine problemas no normal funcionamento do edificio, dentro da primeira xornada laborable dende o aviso. Dentro do programa de traballo proposto, poderase ofertar un servizo de asistencia técnica para este particular (ex. tipo 24 horas ou outros) que mellore as condicións xa indicadas.

4.- En caso de que por parte do Concello de Beariz se indique a necesidade de ampliar ou modifica-los sistemas existentes, será necesario a presentación por parte da empresa contratista do preceptivo orzamento, e una vez dado o visto e prace do mesmo por parte do Concello de Beariz, levará a cabo as actuacións correspondentes.

**Quinto:** A empresa adxudicataria deberá dispoñer dos medios técnicos e unha organización adaptada á natureza do traballo contratado, aconsellará acerca da correcta colocación dos medios de protección contra incendios cuxo mantemento é obxecto deste Prego, co fin e cubrir adecuadamente os edificios do risco de incendio, aplicando o establecido na lexislación vixente. Así, incluírá na certificación da revisión correspondente a cada un dos edificios as suxestións de melloras ou ampliacións dos sistemas de protección contra incendios que estime oportuno, sempre debidamente xustificadas en base á normativa vixente. Posteriormente o concello valorará as melloras propostas, procedendo ou non á súa aprobación. Sen esta aprobación previa non se admitirá a facturación de elementos novos ou melloras ós sistemas xa existentes efectuadas polo contratista.

En el caso de ter que retirar algún elemento de protección contra incendios para realiza-la correspondente operación de mantemento, deberá deixar no seu lugar outro elemento das mesmas características a fin de que quede cuberto o posible risco, sen custe engadido algún para o concello.

**Sexto:** O servizo prestarase ó abeiro de canto se determine neste Prego e a calquera tipo de instrucións que puidera recibirlo adxudicatario por parte do Concello de Beariz. As instrucións do Concello de Beariz serán de obrigado cumprimento para o contratista, sempre que no alteren o contido das prestacións establecidas neste Prego. Para a realización dos traballos, a empresa, coa antelación suficiente, deberá poñerse en contacto co responsable . Na correspondente visita para a execución dos traballos, o persoal de la empresa deberá ir debidamente identificado, mostrando a tal efecto a correspondente acreditación ante o responsable de cada centro.

**Sétimo:** O contratista acreditará ante o Concello os traballos efectuados presentando para cada un dos edificios:

- Certificado ou acta expedido polo contratista contendo ó menos o seguinte:
  - Relación detallada de elementos, indicando para cada un deles: tipo, localización, nº de serie ou de control, data de revisión, operacións realizadas, data de retimbrado e de caducidade (si proceden) e observación ou incidencias relativas ó aparato ou equipo.



- Si se realizan operacións de retimbrado, Acta da Proba de Presión realizada.
- Na colocación, reposición ou instalación de elementos novos, ademais de todo o anterior, se indicará para cada uno deles: fabricante, modelo, número de serie e data de fabricación. Adxuntarase manual de instrucións ou documentación do fabricante dos mesmos, si se dispón deles.
- Datas da revisión e persoa que a realizou.
  - Deficiencias que non poidan ser corrixidas durante o mantemento ou non cumpran as disposicións vixentes que lles sexan aplicables.
  - Melloras ou ampliacións, segundo se indica no apartado sexto.
  - Parte de traballo ou albarán orixinal no que figure a sinatura do responsable, acreditando a realización da operación, así como a data de realización da mesma.

As operacións realizadas tamén deberán reflectirse nunha etiqueta, pegatina ou tarxeta, que deberá fixarse de forma segura en cada elemento (extintor, boca de incendios, sistema de detección, etc.), coa data e sinatura da persoa que as leve a efecto. Non será válido ningún outro medio de proba das labouras realizadas, que non sexan os certificados referidos anteriormente co detalle esixido para cada caso.

A falla de cumprimento de calquera destes extremos, anulará o poder liberatorio de dito documento e, por tanto, os traballos teranse por non realizados, cas consecuencias que puideran derivarse.

**Oitavo:** A empresa adxudicataria cumprirá as disposicións da normativa xeral e autonómica, sobre RISCOS LABORAIS. De forma especial asumirá os seguintes compromisos:

1º.- No prazo máximo de 3 meses, procederá á AVALIACIÓN DE RISCOS que poideran afectar ós seus operarios nas dependencias municipais, no desempeño das funcións propias do servizo contratado e nas condicións concretas que se dan nas instalacións ou dependencias do Concello de Beariz.

2º.- Do mesmo modo procederán, respecto ós posibles riscos que afecten ó persoal do Concello de Beariz, como consecuencia das operacións ou traballos que deban realizarlo seu persoal nas nosas dependencias.

3º.- Os traballadores da empresa adxudicataria que presten servizos nas dependencias do concello terán a formación necesaria na prevención de riscos a que se refiren os dous apartados anteriores.

4º.- A empresa adxudicataria disporá dos equipos de protección colectiva e dotará ós seus operarios dos equipos de protección individual (EPIS), debidamente homologados, que puidera necesitar.

5º.- Os traballadores en cuestión, mentres permanezan nos recintos ou lugares en que desenvolvan a súa actividade e no caso de que algunha causa, calquera que fose a súa orixe, motivase unha emerxencia, colaborarán cos equipos de intervención propios do concello nas funcións que se lles asigne.



ANEXO I

CASA DO CONCELLO
6KG POLVO ABC
5KG CO2

CENTRO DE SAÚDE
6KG POLVO ABC
3KG POLVO ABC
BIE

BIBLIOTECA
6KG POLVO ABC
CASA NIÑO
6KG POLVO ABC

VEHÍCULOS PROTECCIÓN CIVIL
6KG POLVO ABC
2KG CO2

EDAR BEARIZ
6KG POLVO ABC
5KG CO2

TRACTOR
6KG POLVO ABC

NAVE MUNICIPAL
6KG POLVO ABC



PAVILLÓN
6KG POLVO ABC
BIE

## Anexo II: Hidrantes

Manguera 25mm amarilla con racores tipo Barcelona en tramos de 20m (200m)

Manguera 40mm amarilla con racores tipo Barcelona en tramos de 20m (80m)

Manguera 60mm amarilla con racores tipo Barcelona en tramos de 15m (30m)

